

# ECONTADE

Xornal da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



## Acto de benvida

O luns, 11 de setembro tivo lugar o acto de benvida dirixido ao alumnado novo. Ademais dunha sesión informativa na que se lle explicaron diferentes cuestións sobre o funcionamento da facultade e dos seus estudos, tamén se realizou unha visita guiada polo centro para amosarlles os diferentes espazos na procura de facilitarlles a súa adaptación. Así mesmo, durante os primeiros días de clase, no marco do Plan de acción tutorial, realizáronse diferentes sesións informativas nos diferentes grupos e cursos co obxecto de destacar determinados aspectos relevantes para a formación do alumnado (asistencia, mobilidade, prácticas...).



Na mesma liña, o mesmo día 11 celebrouse o welcome day, acto incluído tamén dentro do plan de acción tutorial, que ten por obxecto facilitar a adaptación do alumnado estranxeiro que ven a cursar os seus estudos ao noso centro.

## Defensa de TFG

O 13 e 14 de setembro celebrouse a defensa en formato de póster e diante de tribunal dos traballos de fin de grao, pechando así o ciclo desta materia para o curso 22/23.

En total, entre febreiro, xuño e setembro, o número de alumnado que presentou o seu tfg foi de 91 para o grao en ADE e de 100 para o grao en Economía.



# ECONTADE

Xornal da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



## Aula Profesional ECOADE

O conxunto de actividades que conforman a Aula Profesional ECOADE para o primeiro cuadrimestre desenvólveranse entre os meses de outubro e decembro. Durante estes meses o alumnado poderá asistir ás diferentes conferencias do ciclo *Aprendendo das empresas/institucións*, ao ciclo de cine *Empresa, Economía e Sociedade*, aos talleres sobre elaboración do correo de presentación e do currículum vitae, sobre o uso de linkedin, sobre a análise de datos con excel ou sobre metodoloxías áxiles na xestión de proxectos.

**USC** UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS

### Aula profesional ECOADE

1º cuadrimestre 2023/24

- Ciclo de Conferencias: Aprendendo das empresas/institucións (1ECTS)**  
Alumnado de graos e másteres  
Ao longo de todo o curso
- Taller: Elaboración do correo de presentación e do CV**  
Alumnado de 3º, 4º e másteres  
Mércores 27 de setembro
- Curso: Fundamentos de Folla de Cálculo para Economía e Empresa (nivel intermedio) (1 ECTS)**  
Preferencia alumnado de 3º e 4º  
Outubro e novembro
- Cineforum: Empresa, Economía e Sociedade (1 ECTS en trámite)**  
Alumnado de graos e másteres  
Ao longo de todo o curso
- Taller: Ferramentas Office 365 (1): Introducción á análise de datos con Excel**  
Preferencia alumnado de 1º e 2º  
Mércores 27 de setembro
- Taller: O Uso de LinkedIn como ferramenta de aprendizaxe e empregabilidade**  
Alumnado de 3º, 4º e másteres  
Mércores 15 de novembro
- Taller: Metodoloxías áxiles na xestión de proxectos**  
Alumnado de 3º, 4º e másteres  
Mércores 22 de novembro

## Aula profesional ECOADE Talleres

O 27 de setembro tivo lugar o taller sobre a elaboración do correo de presentación e do currículum vitae, impartido por Nuria Rey. Este taller é imprescindible para o alumnado que realizará prácticas neste curso.

O mesmo día celebrouse tamén o taller *Introdución á análise de datos con Excel*, impartido polo profesor Alfonso Rodríguez Sandias, no que o alumnado puido ver algunhas das utilidades que brinda esta ferramenta, na que poderán seguir afondando facendo o curso da aula profesional ECOADE de 25 h que ten o título *Fundamentos de Folla de Cálculo para Economía e Empresa*.





## Aula profesional ECOADE Aprendendo das empresas/institucións

O 4 de outubro tivemos a Marcos Rodríguez Rey, ex alumno do noso centro que leva anos desenvolvendo a súa actividade profesional no Instituto Galego de Estatística e que relatou con detalle os diferentes servizos que ofrece o IGE, fundamentais para a xestión de recursos na Comunidade Autónoma. O noso alumnado puido ver como as materias cuantitativas e sobre economía que estudan ao longo dos graos poden abri-lle as portas para o seu futuro profesional, e en concreto, para o acceso a través de oposicións a organismos como o Instituto Galego de Estatística ou o Instituto Nacional de Estadística.

A conferencia foi organizada polo Departamento de Economía Cuantitativa no marco do ciclo Aprendendo das empresas e institucións da Aula Profesional ECOADE.



O 11 de outubro tivemos a Noelia Suárez López, ex alumna do grao de ADE do noso centro e actualmente Directora de Administración e Control no Grupo Castrosua. Nesta charla explicou as tarefas que desenvolve o departamento que dirixe e que en gran parte, supoñen a obtención e tratamento de datos que serven ao Consello de Administración da empresa e ao Comité de Dirección para a toma de decisións. A utilización de ferramentas como o ERP, Excel, Power BI, lectores OCR... e outras que seguen a explorar, facilitan o fluxo e tratamento deses datos e axudan a cumprir as obrigas informativas e tamén a elaborar información máis relevante e oportuna de gran importancia nun contexto tan cambiante.





## Aula profesional ECOADE Aprendendo das empresas/institucións

Tamén contamos coa participación de Silvia Cortiñas Fernández, Secretaria Técnica da Consellería do Mar na Xunta de Galicia e antiga alumna do noso centro que fixo un relatorio sobre a importante aportación do mar á economía galega, o funcionamento da Consellería e tamén un repaso da súa traxectoria profesional.



## WAS-Circulamos

Os días 25 e 26 de outubro, celebrouse na facultade o encontro sobre Economía Circular organizado por WAS (Women Action Sustainability). Os/as diferentes relatores/as falan das experiencias das organizacións nas que traballan e das oportunidades da Economía Circular para o futuro profesional do alumnado.

Por medio deste formato dinámico e distendido fomentouse o debate e o diálogo co numeroso público asistente que se amosou moi participativo.



No marco deste encontro, o alumnado presentou a solución aos retos formulados polas directivas de WAS. O xurado destacou a calidade das propostas e presentacións e animou a tódolos/as participantes a seguir traballando pola sustentabilidade. Os gañadores foron, no caso do primeiro premio, o grupo SUF que presentou *Solución ao reto no ámbito do sector textil* e, no caso do segundo, o grupo Recycling Power que ofreceu unha resposta ao reto sobre comunicación á sociedade do uso circular do plástico.



## Plan de Acción Titorial

### Sesión informativa sobre o TFG e sobre as prácticas

O 20 de setembro tivo lugar unha reunión informativa sobre o TFG dirixido ao alumnado de 4º curso dos graos de Economía e ADE. Este evento forma parte do Plan de acción titorial do centro. Á reunión asistiu un número elevado do estudiantado que terá que defender o seu TFG este curso. As coordinadoras dos graos, as profesoras Rosa María Regueiro Ferreira e Concepción Varela Neira foron as encargadas de informar ao estudiantado.

Así mesmo, tamén dentro do plan de acción titorial, o 27 de setembro e o 2 de outubro tiveron lugar as sesións informativas sobre as prácticas en empresas e institucións que o alumnado poderá realizar durante os seus estudos de grao.



### Sesión de benvida ao profesorado novo

O 24 de outubro o equipo decanal compartiu unha charla e un café co novo profesorado que se incorporou nos últimos meses ao centro. Nunha distendida conversa déuselle a benvida e comentouse a guía de profesorado dispoñible na páxina web do Centro.





## Outros acontecementos

### Espazo colaborativo

Dende o mes de outubro dispoñemos dun novo lugar concibido sobre todo como un lugar de traballo, aínda que con características máis informais que outros espazos semellantes. A diversidade do mobiliario do ESPAZO COLABORATIVO, está pensado para que o estudantado poida experimentar con formas de traballo menos ortodoxas e máis flexibles, onde se poida innovar aproveitando a menor rixidez espacial. Dispón tamén dun encerado onde poder traballar, e de equipamento para practicar con presentacións de ordenador. Caberá, ademais, a posibilidade de reservala en momentos puntuais para actividades específicas centradas na docencia e na divulgación.

Esta nova zona súmase a outros espazos dirixidos ao estudantado e dos que víñamos gozando como a Sala da biblioteca, a Sala de estudo, a Sala Argos e as tres salas de traballo.



## Teses defendidas

Durante os meses setembro e outubro defendeuse a seguinte tese de doutoramento no noso centro:

- Extractivismo, uso de enerxías renovables e consumo de recursos. A análise de fluxos materiais no estudo da desmaterialización en Sudamérica e na Unión Europea-15 (1970-2018). Autoría: Pablo Alonso Fernández; Dirección: Rosa María Regueiro Ferreira.

## Promoción do PDI

A profesora Sara Fernández Fernández, do departamento de Economía Financeira e Contabilidade, promocionou á categoría de Catedrática de Universidade.



# ECONTADE

Xornal da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



## Outros acontecementos

O 14 de setembro tivo lugar a mesa redonda *Papel de la UE para transformar nuestras economías y sociedades*, na que participaron Fernando Torija, director da Oficina en España do Banco Europeo de Inversións, Francisco Fonseca, Active Senior da Comisión Europea e Profesor de Dereito Internacional Público e Privado na Universidad de Valladolid, e Maria Canal Fontcuberta, Conselleira económica na representación da Comisión Europea en España.



O 2 de outubro celebrouse unha xornada no marco do Día da Educación Financeira co título: *Novos activos dixitais: aspectos básicos e impacto na actividade empresarial*. O acto foi organizado pola profesora do departamento de Economía Financeira e Contabilidade, Loreto Fernández.

## Revista Galega de Economía

A Revista Galega de Economía / Galician Journal of Economics foi incorporada a Emerging Sources Citation Index. Todos os traballos publicados dende xaneiro de 2021 serán accesibles dende Web of Science.





## Acordos relevantes das Comisi3ns da Facultade

### Comisi3n de modificaci3n do plan de estudos do grao en ADE:



- **29 de setembro:** Acordouse solicitar 3s 3reas unha reflexi3n en relaci3n ao tama3o das materias b3sicas e obrigatorias (propostas 6 cr3ditos), sobre a estrutura das materias (proposta 50-50), sobre a existencia de menci3ns e sobre os contidos b3sicos (en forma de materias) que deber3a posuir un/ha graduado/a en ADE.
- **20 de outubro:** Acordo en xeral en relaci3n a materias b3sicas e obrigatorias de 6 cr3ditos a3nda que admitindo materias de 4.5 para maior flexibilidade na negociaci3n, acordo en relaci3n 3 estrutura 50-50, postura en xeral contraria 3 existencia de menci3ns dadas as restricci3ns normativas e proposta de novas materias por parte de 4 3reas o que implica estudar diferentes posibilidades de encaixe (supresi3n dalgunha materia, cambios que poidan implicar a outro t3tulo, cambios de optativas e obrigatorias, cambios de materias de 6 cr3ditos a 4.5...). A comisi3n acorda seguir traballando en definir os contidos imprescindibles e perfilar soluci3ns para avanzar na modificaci3n do grao.

### Comisi3n redactora do plan de estudos do grao en Econom3a:

- **27 de outubro:** Acordouse solicitar unha reflexi3n aos departamentos sobre a conveniencia da existencia de menci3ns na titulaci3n, sobre abrir a posibilidade de que existan materias b3sicas ou obrigatorias de 4.5 cr3ditos e sobre as materias optativas que se van ofertar.

### Comisi3n de TFG:

- **6 de outubro:** Acordouse a relaci3n de t3tulos de TFG, acordouse establecer como criterio temporal para a designaci3n do profesorado que participe nos tribunais de TFG ter en conta a participaci3n nos 3ltimos cinco anos, de tal modo que se designar3 preferentemente a profesorado que conte cunha menor participaci3n mesa horquilla temporal. As3 mesmo, procurarase que o profesorado non participe en tribunais de TFG en d3as convocatorias consecutivas, acordouse modificar as porcentaxes dos criterios espec3ficos, que se incl3en na ficha de avaliaci3n do TFG e que se recollen no Anexo 3.



S3guenos nas nosas redes sociais